






AULA 5 ANOS: OBSERVACIÓN E REFLEXIÓN SOBRE O CADRO “POBRES A LA ORILLA DEL MAR”.

	<p>1º e 2º peza (superior e inferior).</p> <p>Deducen que pode haber polas cores. Din que auga. ¿Auga marrón? Non. Reflexionan e din que pode ser, porque é marrón a dos tubos, a auga sucia, a dos ríos.... ¿Cal é a cor da auga? Transparente, azul, marrón... ¿Como é o ceo no cadro? Gris. ¿Cal é a cor do ceo? Azul. Reflexionan en din que tamén pode ser negro pola noite, laranxa no atardecer, gris cando chove...</p>
	<p>3º peza (parte inferior dereita).</p> <p>Aparecen uns pés. Contamos cantos hai (3) e pregunto cantas persoas hai. Din que tres ou dous... ¿Pode haber unha persoa soa? ¿Cantos pés temos? Dous. ¿Todo o mundo ten dous pés? Responden que si. Danse conta de que un pé está oculto, din que pode ser que estea alguén á pata coxa ou que teña unha pata de pau como os piratas.</p>
	<p>4º peza (cadro abaixo esquerda).</p> <p>Aparece outro pé. ¿Cantas persoas hai agora? Catro. Despois reflexionan en din tres. ¿Que relación podemos intuír entre estas persoas? Non hai relación porque son diferentes (pantalón-saia) din eles. ¿Non nos relacionamos con persoas diferentes? Varias respostas, si e non. Conclúen que están lonxe din e non se coñecen.</p>




5º peza (seguinte á dereita).

Destapamos a seguinte peza e aparece un neno. É un zombie triste segundo eles. Pon as mans para afastarse da meiga, ou o que eles cren que é unha meiga. ¿Onde están? Nun río ou mar.



6º peza (dereita superior).

Destapamos a seguinte peza e aparece o señor. Din que é o avó. Algúns que é o seu pai. Está enfadado porque ten os brazos cruzados. Tamén pode ser porque ten frío. ¿Onde están? Na praia, en verán ou inverno.



7º peza (esquerda).

Aparece un vestido negro. Din que é alguén que pegou ao neno. Alguén que o señor non quere que vaia con neno. Unha meiga porque as meigas sempre van de negro. Tamén van de morado.



8º peza (esquerda arriba).

Aparece a cara da muller e din que é a nai.